

Mecanismos digitais para la participación en partidos políticos de la CPLP Digital mechanisms for participation in CPLP political parties

Celso Cancela Outeda¹

Bruno González-Cacheda²

Resumo: Esta investigación analiza e compara a implantación de dispositivos de participación política dixital entre os partidos políticos dos catros maiores estados da Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP) en termos de poboación. Partindo da influencia e dos incentivos derivados do contexto de cada estado, agardamos unha maior adopción de ferramentas de participación entre os partidos políticos de aqueles estados máis dixitalizados e desenvolvidos a nivel socioeconómico. Para a comprobación da hipótese de partida recompilouse a información relativa ás categorías e variables de estudo relacionadas coa participación a través das webs dos partidos políticos seleccionados a través dunha observación sistemática. A análise estatística dos datos obtidos non nos permitiu confirmar a relación entre o nivel de dixitalización xeral, o desenvolvemento socioeconómico e o grao de dixitalización dos partidos políticos. En base aos resultados obtidos, propoñemos unha serie de explicacións alternativas susceptibles de ser comprobadas en futuros traballos.

Palabras-chave: Participación política, dixitalización, partidos políticos, desigualdades socioeconómicas, CPLP.

Abstract: This research analyzes and compares the implementation of digital political participation devices among the political parties of the four largest states of the CPLP in terms of population. Based on the influence and incentives of the context of each state, we expect greater adoption of participation tools among the political parties of those states most digitized and developed at the socioeconomic level. For the verification of the starting hypothesis, the information regarding the categories and study variables related to the participation was collected through the websites of the selected political parties through a systematic observation. Statistical analysis of the

1 Universidade de Vigo/ Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación/Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía/Vigo(Galicia)/España.
ORCID: <https://orcid.org/0000-0001-9034-2896>. E-mail: ccancela@uvigo.gal

2 Universidade de Vigo/ Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación/Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía/Vigo(Galicia)/España.
ORCID: <https://orcid.org/0000-0002-1833-0003>. E-mail: bruno.gonzalez.cacheda@uvigo.gal



data obtained did not allow us to confirm the relationship between the level of general digitization, socioeconomic development, and the degree of digitization of political parties. Based on the results obtained, we propose a series of alternative explanations that may be tested in future work.

Keywords: Political participation, digitalization, political parties, socioeconomic inequalities, CPLP.

Introducción

O crecemento das formas de comunicación de carácter dixital trouxo consigo a expansión do repertorio participativo no eido político. Diversos actores que toman parte do proceso político introducen novas formas de relación con militantes, simpatizantes e coa cidadanía en xeral, caracterizadas pola rapidez, a flexibilidade e a ubicuidade derivadas das propiedades das novas formas de comunicación dixitais. O abaratamento dos custes de participación supón, en termos xerais, unha oportunidade para os partidos políticos á hora de atraer cara si a un crecente número de cidadáns, nun contexto de desafección e desconfianza cara os sistemas e as institucións políticas.

En todo caso, e a pesar do crecemento que se ten producido nos últimos anos, a extensión dos mecanismos de participación dixital, máis alá do debate arredor das consecuencias prácticas sobre a participación e a deliberación, presenta importantes asimetrías no seu desenvolvemento, utilización e adopción por parte das estruturas partidarias. En relación ao diferencial sinalado, consideramos pertinente ter en conta o contexto e o desenvolvemento socioeconómico e dixital como elemento facilitador e incentivador para a disposición de canles de participación política no ámbito *online*.

Partindo da premisa anteriormente subliñada, consideramos que dende o lado da oferta, os partidos políticos daqueles países con maior nivel de dixitalización entre a poboación e cun maior desenvolvemento social e económico tenderán a implantar nun maior grao dispositivos dixitais para a participación política. Como primeiro chanzo da nosa investigación, recompilamos información sobre o grao de artellamento de ferramentas para a participación dixital entre os partidos políticos con representación parlamentaria nos catro maiores estados, en termos de poboación, da CPLP. Posteriormente, co obxectivo de comprobar a validez do noso punto de partida, e de xeito comparado, medimos a asociación entre o nivel de dixitalización xeral e o desenvolvemento social e económico dos estados seleccionados co grao de implantación de ferramentas para a participación de natureza dixital entre os partidos políticos das distintas realidades nacionais.

Nas seguintes liñas, presentamos o marco contextual e teórico sobre o cal sustentamos a nosa hipótese de partida e as das variables de estudo.

Partidos políticos e participación política

A erosión e o desgaste das institucións representativas nos réximes democráticos ven sendo obxecto de preocupación e de estudo no ámbito académico nas últimas décadas (Ekman & Amna, 2012; Norris, Walgrave, & Van Aelst, 2006; Dalton & Wattenberg, 2002). Tal e como amosan Fernando Casal e José Rama en relación a 28 democracias europeas, os partidos políticos son a institución que xera un maior nivel de desconfianza entre a cidadanía (Casal & Rama, 2017). Pero como sinala Ramón Cotarelo, esta situación lonxe de ser exclusiva dos países europeos e occidentais, aparece como unha tendencia de alcance global (Cotarelo, 2010).

O impacto da desconfianza, a desafección ou a indiferenza queda reflexado na crecente distancia entre os partidos e a cidadanía. En palabras de Peter Mair, os partidos políticos estarían a fracasar no seu rol de mediación dos intereses e demandas entre sociedade e institucións como consecuencia dun repregamento mutuo (Mair, 2016). Así, mentres que a actividade dos dirixentes e cargos dos partidos políticos xira dun xeito crecente no eido institucional, a cidadanía observa a súa actividade dende a distancia. Ben sexa de retirada no ámbito privado, ou a través da participación a través doutras axencias e actores de carácter socio-político.

O repregamento institucional cristaliza nunha serie de esquemas que rebelan a desconexión democrática coas bases sociais e a cidadanía. A *elitización* (Crouch, 2004), a *oligarquización* (Michels, 2008) e a *cartelización* (Katz & Mair, 2004) dos partidos rebela en opinión de Ramón Cotarelo un importante paradoxo (Cotarelo, 2010). O seu papel fundamental dentro dos sistemas democráticos e dos procesos políticos e electorais aparece acompañado, en moitos casos, da carencia de mecanismos de democracia interna. Esta configuración interna dá como resultado, en non poucas ocasións, un sistema de carácter *partitocrático* que, “en cierto modo, suplanta la voluntad soberana y substituyen el interés general por su propio interés particular, fraccional” (Cotarelo, 2010, p. 26).

Máis alá da cuestión *partitocrática*, e sen ánimo de exahustividade, debemos apuntar outras causas como desencadeantes do crecente distanciamento entre partidos e cidadanía. Jose Antonia Sanahuja, dende unha perspectiva estrutural, trae unha explicación que vincula a crecente incapacidade das institucións estatais para responder de xeito efectivo ás demandas sociais a unha modificación das relacións de poder entre traballo e capital asociada ao auxe da globalización e da financiarización (Sanahuja, 2019). A importancia das corporacións transnacionais e o aumento das facilidades para a mobilidade de capitais aumentan a súa capacidade de condicionamento estrutural sobre os estados, debilitando así os instrumentos fiscais e redistributivos, e limitando en definitiva, as competencias efectivas para o desenvolvemento de programas e políticas públicas de corte social (Fernández-Albertos, 2018; Sánchez-Cuenca, 2014; Streeck, 2016; Crouch, 2004).

Outro desafío relacionado coa capacidade dos estados e das súas institucións democrático-representativas, ten que ver co desprazamento de funcións e capacidades cara as denominadas Organizacións Gobernamentais Internacionais (OGI). Institucións como o Banco Mundial (BM), o Fondo Monetario (FMI) ou o Banco Central Europeo (BCE), de carácter non maioritario, é dicir, non electivas e illadas da influencia da cidadanía (Fernández-Albertos, 2018; Mair, 2016), condicionan e impoñen decisións de carácter político dentro do marco dos estados-nación.

As problemáticas sinaladas ata aquí, de xeito individual ou combinado, minarían as capacidades e as funcións que lexitiman e dan sentido democrático á actividade dos partidos. Ferdinand Muller-Rommel establece tres tarefas fundamentais (Muller-Rommel, 2016), a cal engadiremos unha cuarta tomada de Alessandro Pizzorno e Donatella Della Porta (Pizzorno, 1995; Della Porta, 2018):

- a) Organización dos procesos electorais a través da mobilización de simpatizantes, militantes e electorado, así como mediante a selección de cadros a elaboración das candidaturas.
- b) Establecemento dunha oferta política diferenciada en materia de programas e políticas públicas.
- c) Posta en marcha das medidas ofertadas a nivel programático, en forma de políticas públicas, unha vez ocupadas posicións de goberno ou institucionais.
- d) Creación e agregación de identidades sociais e colectivas.

Polo tanto, a reconfiguración das estruturas de poder relacionada co desprazamento cara o mercado e as OGI limitaría a capacidade dos partidos en relación as funcións b) e c) sinaladas por Ferdinand Muller-Rommel, dando lugar a un incremento da desconfianza, a desafección e a unha diminución da credibilidade (Muller-Rommel, 2016). A este respecto, Zygmunt Bauman e Carlo Bordoni subliñan a crecente dificultade dos partidos políticos para a formulación e a execución das políticas públicas prometidas en campaña electoral (Bauman & Bordoni, 2016).

En relación ao rol sinalado por Alessandro Pizzorno e Donatella Della Porta (Pizzorno, 1995; Della Porta, 2018), é que atribúe aos partidos a función de creación e agregación de identidades, o certo é que segundo Peter Mair (Mair, 2015a) o incremento das tendencias individualizadoras e a fragmentación social complican a conexión dos partidos coas súas bases sociais tradicionais. Así, a proximidade cos movementos sindicais, agrarios ou coas igrexas, elementos que no pasado contribuíron á estabilización e a diferenciación dos partidos políticos, están na actualidade nun estado de crise. Este feito contribúe á xa mencionada desconexión e distancia entre estruturas partidarias e cidadanía (Mair, 2007). Un síntoma da débil identificación e compromiso cara os partidos políticos ten que ver coa continxencia e a visión a curto prazo do electorado, expresada a través dun incremento da volatilidade electoral (Casal & Rama, 2017; Mair, 2015b).

Alén das causas e consecuencias enunciadas anteriormente, existe un amplo consenso arredor dos síntomas que dan conta do desgaste das estruturas partidarias nos sistemas democráticos. O aumento da desconfianza, da desafección e a indiferenza cara o actor central do sistema representativo democrático exprésase de xeito convincente na caída da participación política convencional (Mair, 2016; Mair, 2015a; Crouch, 2004; Norris, 2007; Norris, 2002; Torcal, 2000), feito que afecta negativamente a primeira das funcións partidarias enunciadas por Ferdinand Muller-Rommel (Muller-Rommel, 2016). Este tipo de participación política foi definida en relación as actividades individuais orientadas cara as canles representativas. Segundo Mariano Torcal, Jose Ramón Montero e Jan Teorell, estas formas de participación política serían tres: o voto, a participación nas actividades dos partidos e o establecemento de contactos e peticións a representantes públicos (Torcal, Montero, & Teorell, 2006).

A respecto da participación nas distintas actividades que xiran no contorno dos partidos, e utilizando coma variable a ratio de afiliación, Fernando Casal e José Rama (Casal & Rama, 2017) e Ingrid Van Biezen, Peter Mair e Thomas Poguntke (Van Biezen, Mair, & Poguntke, 2015) observan unha caída continua dende os anos 1980 na evolución deste indicador na maioría de países europeos. En opinión de Mariano Torcal,

“Actitudes como el cinismo político, el desinterés, la desconfianza política están íntimamente unidas al grado de confianza que los ciudadanos depositan en las instituciones de representación política en general y, en especial, en los partidos políticos. En democracias en donde los ciudadanos desconfían de los partidos políticos es altamente probable que exista un número menor de afiliados y de ciudadanos dispuestos a implicarse con los mismos” (Torcal, 2000, p. 1).

A traxectoria da dimensión electoral da participación política non é, segundo Fernando Casal e José Rama, especialmente alentadora (Casal & Rama, 2017). Se atendemos ás porcentaxes de participación ou de abstención electoral a tendencia é a dunha lenta pero continua caída da participación. Convén poñer de manifesto que os síntomas sinalados do afastamento entre cidadanía e partidos cobraron unha maior intensidade a raíz da crise global de 2008.

Como se pode deducir dos feitos sinalados ata aquí, o reto dos partidos políticos para o establecemento de novas ligazóns coa cidadanía parece máis que un desafío. A desconfianza e a desafección están afastando progresivamente a representantes e representados, facendo desaparecer os puntos de conexión que representaron os partidos políticos como institucións intermedias. Coa aparición de internet e de novos espazos de interconexión asociados á rede, e aínda que os efectos da mesma nos procesos políticos están aínda en discusión, ofrecendo resultados empíricos ambivalentes. O certo é que podería abrirse unha nova oportunidade para o incremento da participación da cidadanía. A ubicuidade da rede podería facilitar tanto o contacto e a comunicación con representantes e organizacións políticas, como a participación directa nos asuntos internos dos partidos. Antes de examinar, dende o lado da oferta, os pasos dados polos partidos políticos a respecto da disposición de canles de participación e comunicación coa cidadanía, deterémonos nas características do repertorio de participación política a través da rede.

Innovación e cambio: determinantes e características do repertorio participativo dixital

Cómpre subliñar antes de avanzar no obxecto central do presente traballo, que a ampliación do repertorio e a reconceptualización do que se entende por participación política é un feito previo a aparición e extensión de internet. Neste senso debemos subliñar a obra publicada a finais dos anos 1970 por Samuel Barnes e Max Kaase na que amplían o catálogo e dividen as actividades participativas en convencionais e non convencionais utilizando para elo un enfoque pluridimensional da mesma (Barnes & Kaase, 1979). Este feito, influído polo contexto da época, ten que ver co protagonismo das accións colectivas artelladas sobre modelos participativos de carácter non convencional promovidos polos denominados Novos Movementos Sociais (NMS) (Pastor, 2006; Durán, 1995). Estes xorden nos anos 60 e introducen na axenda novas problemáticas ignoradas por institucións e partidos (Della Porta & Diani, 2011), expresando a súa desafección e desconfianza a través dun repertorio de acción directa no que os valores participativos ocupan un lugar preeminente (Pastor, 2006; Offe, 1992).

É precisamente dentro do repertorio de participación política de carácter non convencional, vinculado á actividade dos movementos sociais, onde se introducen de xeito pioneiro modalidades participativas a través de internet. A este respecto diversos autores subliñan a importancia dos colectivos e dos movementos sociais como entidades clave na adopción e difusión de innovacións de carácter política, tanto no período de latencia como nos ciclos de protesta (Romanos, 2018; Tarrow, 2004; Melucci, 1994).

O punto de inflexión ten lugar en datas próximas ao cambio de milenio coa adopción por parte do movemento contra a globalización neoliberal de diferentes ferramentas vinculadas a internet para a comunicación, a información e a participación (Sádaba, 2012; Echart, 2008; Juris, 2006). Máis recentemente diversos movementos como o *15M* en España, *Occupy* en Estados Unidos ou as denominadas Primaveras Árabes no norte de África (Flesher-Fominaya, 2014; Tejerina et al., 2013; Castañeda, 2012) amplían o elenco das modalidades participativas a través de dispositivos dixitais dentro do seu repertorio interno e externo, orientado a contenda política contra diversas institucións económicas, políticas e representativas identificadas en contraposición ao 99% da cidadanía (Subirats, 2015; Candón-Mena, 2011).

As innovacións dixitais introducidas no ámbito da acción colectiva e o contexto de crise de representación e desafección política derivada da crise orixinada en 2008, acabaron por constituír unha oportunidade política que foi aproveitada por diversos actores en diferentes países. Así, e con un discurso *antistablishment* e participativo

que recolle a luva dos movementos *indignados*, aparece en Italia o Movemento 5 Estrelas (Rodríguez-Aguilera, 2015). Da man do carismático Beppe Grillo, o Movemento 5 Estrelas aproveita as posibilidades que abre a expansión da dixitalización e a diversificación de canles e esferas públicas (Bumler, 2016) como fonte de información e como canle de interacción e participación. A estratexia dixital dos *grillini* é sintetizada por Emiliano Treré e Alejandro Barranquero do seguinte xeito:

“A grandes rasgos, se puede afirmar que la estrategia online de Grillo funciona a diferentes niveles: en el centro se sitúa el blog *beppegrillo.it*, creado en 2005, que representa el verdadero corazón del movimiento y uno de los blogs más visitados e influyentes del mundo. Sus seguidores construyen a su alrededor tanto el programa político como su idea de democracia, fundados en una relación directa entre la res publica y los ciudadanos. Pero la ecología online de Grillo es mucho más compleja e incluye los Meetup, plataformas de gestión y organización de grupos locales usadas para la creación de eventos y encuentros (el Movimiento 5 Estrelas cuenta actualmente con más de 600 Meetup en 14 países), así como una masiva presencia en los social media, en particular YouTube, Facebook y Twitter” (Treré & Barranquero, 2013, p. 38).

En España e de xeito paralelo ao declive do ciclo de mobilización e protesta iniciado polo movemento *15M*, xorde Podemos. Neste caso, e tal como afirman Ariel Jerez, Sergio d'Antonio Maceiras e Enrique Maestu (Jerez, Maceiras, & Maestu, 2015), as ferramentas dixitais e tecnopolíticas xogaron un papel esencial para a institucionalización a través da posta en marcha de diversas canles interactivas e informativas que conectaban co imaxinario horizontal e participativo do *15M* (Marzolf & Ganuza, 2016). Estas, foron diversificadas e sofisticadas dando lugar a mecanismos dixitais de financiación participativa, como o *crowdfunding* ou os microcréditos (González-Cacheda, 2018), canles para a deliberación como *Plaza Podemos*, unha comunidade aberta en Reddit para o debate e o partillado de información (Fenoll & Castillo, 2016). Ou a aplicación *Appgree* para a canalización e a ordenación de debates e propostas (Ardanuy & Labuske, 2015). Destaca tamén a proliferación de mecanismos vencellados ao voto electrónico, aplicado fundamentalmente a tres ámbitos diferenciados: á selección de dirixentes e órganos partidarios, á elección de candidaturas institucionais e á realización de consultas internas (Barrat, 2019). A este respecto, cómpre subliñar como Podemos puxo en marcha o voto electrónico para cada un dos tres ámbitos sinalados a través da aplicación *Agora voting-n Votes* (Martínez-Dalmau, 2019).

Os exemplos sinalados, quizais os máis representativos³ da adaptación e utilización de internet e das canles dixitais para o establecemento dunha nova relación entre partidos e militantes e simpatizantes, ilustran as diversas posibilidades que ofrece a rede para o artellamento de mecanismos de participación interna a través dunha relación máis aberta e flexible entre as estruturas partidarias e as bases sociais. Como sinala José Manuel Sánchez:

3 Previamente en 2004, no marco dun sistema presidencialista como o norteamericano, o candidato ás primarias do Partido Demócrata, Howard Dean, conseguiu mobilizar con éxito, a través da posta en marcha dunha web interactiva, traballo voluntario e financiamento para a súa campaña a través de pequenas doazóns. A análise desta campaña foi pioneira dentro dos estudos que relacionan internet e Ciencia Política (Kreiss, 2009; Hindman, 2005). Posteriormente, na campaña presidencial de 2008, Barack Obama logrou recadar arredor de 121 millóns de dólares en forma de pequenas doazóns a través de fórmulas de financiación participativa en internet. A este respecto, a creación do portal *my.BarackObama.com*, xogou un papel clave (Lipsitz, 2012).

“El uso de herramientas digitales puede aumentar la capacidad de los partidos (en especial de las estructuras tradicionales) para establecer un mayor contacto y cercanía con los ciudadanos, ampliando y renovando el compromiso democrático. Partiendo de que una de las funciones de la participación es mantener el equilibrio del sistema a través de la legitimación ciudadana, la red posibilita el desarrollo de herramientas y soportes que pueden suplir deficiencias de la actividad política tradicional” (Sánchez, 2015, p. 60).

Segundo algúns dos autores que analizan o impacto social e político das redes dende un punto de vista caracterizado por un elevado nivel de optimismo, a potencialidade da referida rede, resultaría ser unha derivada da súa propia estrutura. Así, en versión de Manuel Castells, o artellamento en rede constituiríase como a forma organizativa máis eficiente como resultado da súa flexibilidade e adaptabilidade (Castells, 2009). Outro elemento destacado de internet aparece relacionado coa ubicuidade das formas de comunicación móbiles e sen fíos, que alteran as variables espazo e tempo, permitindo a conexión e a participación en calquera momento e dende calquera lugar (Cotarelo, 2010; Castells, 2009). Este abaratamento dos custos clave para a participación en forma de tempo e cartos, xunto coa posibilidade de levar a cabo actividades de carácter político dende o anonimato, representarían a principal vantaxe de internet para a participación, necesitada unicamente dun nivel mínimo de experiencia e habilidades dixitais (Borge, Cardenal, & Malpica, 2012; Anduiza, Cantijoch, & Gallego, 2009).

Pero fronte ás voces que subliñan as vantaxes de internet como canle informativa, interactiva e participativa, aparecen outras que poñen de manifesto diversas disfuncionalidades e problemáticas. En primeiro lugar, tal como sinala Julia Rone, fronte ás visións tecnooptimistas, diversas prácticas asociadas ao denominado *trolling* gañan intensidade nos espazos deliberativos dixitais, probablemente como consecuencia do anonimato e a non presencialidade (Rone, 2019). A este respecto, Vicente Fenoll e Sebastián Castillo, nunha investigación arredor do comportamento dos participantes en *Plaza Podemos*, observan unha importante discriminación e descualificación das opinións discrepantes como consecuencia dos deficientes mecanismos de moderación e do anonimato (Fenoll & Castillo, 2016).

Alén das eivas deliberativas, a participación directa a través de internet formula outra serie de cuestións relacionadas coa toma de decisións no ámbito partidario⁴. Sirvan de exemplos novamente as experiencias do Movemento 5 Estrelas e de Podemos. No primeiro dos casos, e tal como subliña Cesáreo Rodríguez-Aguilera (Rodríguez-Aguilera, 2015), detrás do relato democratizador, participativo e horizontal da rede pode observarse unha estrutura sen órganos intermedios, feito que trae consigo que a relación directa establecida entre as bases é o líder do partido Beppe Grillo derive no control personalista das regras do xogo, das candidaturas, e en último termo, da toma de decisións (Treré & Barranquero, 2013). Nun sentido semellante, no relativo aos mecanismos de decisión e participación dixitais en Podemos, Bruno González-Cacheda e Javier Vásquez-Refojos afirman:

4 No ámbito dos partidos tradicionais cómpre sinalar a investigación de José Manuel Sánchez, na que identifica as prácticas dixitais de PP e PSOE nun sentido meramente informativo e unidireccional no que a militancia xoga o rol de difusor da información partidaria e de *pegacartaces dixital* (Sánchez, 2015).

“El rol de una militancia estructurada de forma digital y en base a un bajo nivel de compromiso, tanto de entrada como de salida, ha declinado en su vertiente más puramente política. La capacidad de iniciativa y de intervención política ha sido limitada (...). Se puede afirmar, por lo tanto, que la relación construida entre la dirección del partido y los inscritos ha sido en gran parte unidireccional, las más de las veces, en busca de recursos o, en otras ocasiones intentado mejorar los niveles de legitimidad en cuestiones previamente decididas por la dirección, a través de consultas online realizadas en un ambiente con un bajo nivel de debate y con importantes dosis de confrontación” (González-Cacheda & Vázquez-Refojos, 2020, p. 44).

Máis alá dos *pros e contras* subliñados nas anteriores liñas, é preciso poñer de manifesto que as referidas experiencias de innovación dixital, relacionadas coa posta en marcha de mecanismos participativos no ámbito dos partidos políticos, amosan un carácter marcadamente occidental, asociado a estados con importantes niveis de desenvolvemento socioeconómico e apertura política. A este respecto, e aínda que as propiedades de internet están directamente relacionadas cun modelo de comunicación desterritorializado e globalizado, a relación que actores e individuos establecen con esta tecnoloxía non se pode desvincular do seu contexto sociopolítico e económico (Castells, 2009; Juris, 2006).

En primeiro lugar, é condición necesaria para a adopción de prácticas dixitais dentro da denominada participación convencional vinculada a partidos políticos, a existencia dun sistema político baseado no pluralismo político, na competición partidaria e que recoñeza os dereitos fundamentais de asociación e participación política. En segundo lugar, convén considerar a asimetría socioeconómica entre e dentro dos estados⁵. Como subliña Hernan Galperin, nos países cun baixo nivel de desenvolvemento o alto custe do acceso residencial a internet continua a xogar un importante papel disuasorio, impedindo e limitando a conexión de amplos grupos sociais (Galperin, 2017)⁶. Ademais, a baixa cobertura do servizo en comunidades rurais aumenta a fenda cos espazos urbanos, feito que se ve agravado nas zonas e rexións cun importante número de falantes que se desenvolven exclusivamente en linguas minoritarias (Tomczyk et al., 2019; Galperin, 2017). A respecto das limitacións dixitais na África subsahariana, Godwin Myovella, Mehmet Karacuka e Justus Haucap afirman:

“By the end of 2016, only one in five people in Africa were using the internet compared with almost one out of every two people worldwide. Compared to the rest of the world Sub Saharan African countries have still been significantly lagging behind in internet access. The average internet penetration rate (the percentage of the population with access to the internet) in SSA was 10 percent lower than that of South Asia in 2016. According to the ITU (ITU, 2018) several constraints make digitalization in Sub Saharan Africa more difficult, including higher costs of the ICT basket, poorer infrastructure and logistics. The absence of reliable power supply and adequate energy also lead to low digital readiness measures” (Myovella, Karacuka, & Haucap, 2020, p. 2).

5 Para Manuel Castells, a globalización imperfecta está caracterizada pola coexistencia dunha sociedade en rede globalizada con outras de tipo industrial, rural, comunitaria ou de supervivencia (Castells, 2009).

6 Segundo Vinish Kathuria e Keun Yeob, en base a un informe da UIT de 2009 (Unión Internacional de Telecomunicacións), o prezo segue a ser unha importante barreira de acceso en África e Asia, representando de media un 41% do ingreso medio mensual. Segundo os autores, a situación en 2014 continuaba a ser moi semellante (Kathuria & Yeob, 2018).

Táboa 1 – Índice de adopción dixital (DAI) en 4 países da CPLP

	Digital Adoption Index	DAI Business	DAI People	DAI Government
Mozambique	0,25	0,26	0,16	0,33
Brasil	0,68	0,67	0,55	0,81
Angola	0,33	0,38	0,13	0,46
Portugal	0,78	0,75	0,72	0,82

Nota. World Bank, 2019. Digital Adoption Index (DAI). Índice construído nunha escala de 0 a 1 que mide o nivel de dixitalización. DAI Business: promedio de % de empresas con sitio web, cantidade de servidores seguros, velocidade de descarga e cobertura 3G; DAI People: promedio de acceso a telefonía móbil e a internet nos fogares; DAI Government: promedio de sistemas administrativos básicos, servizos públicos en liña e sistemas de identificación dixital.

Como podemos observar na Táboa 1, existen importantes asimetrías na extensión e na utilización de internet entre os países analizados, particularmente no indicador que da conta da adopción entre a poboación de ferramentas dixitais. Así, mentres que por un lado Portugal (0,72) e Brasil (0,55) presentan, respectivamente, un elevado e intermedio índice de adopción dixital entre a poboación. Nos estados da África subsaxariana, os resultados reflicten unha utilización escasa de internet entre a poboación, tanto no caso de Mozambique (0,16) como no de Angola (0,13).

Xunto aos problemas de acceso en países infradotados tecnoloxicamente, e onde o prezo de conexión a internet representa un custo dificilmente asumible para amplas capas sociais, a literatura que analiza os *gaps* da participación a través da rede sinala diversas variables explicativas clave para a participación política en liña. Diversos investigadores resaltan a importancia do nivel educativo como elemento determinante para a participación dixital. A maior grao de formación, máis participación dixital (Hoffmann & Lutz, 2019; Tonkens & Verhoeven, 2019; Büchi, Festic, & Latzer, 2018; Van Deursen et al., 2017). Este elemento supón unha das claves que explica as fendas na utilización de internet ao interior das sociedades. Pero tamén pode explicar a importante diferenza entre estados e rexións na medida en que a nivel global pódense atopar importantes desigualdades e asimetrías, tanto nos niveis de alfabetización, como no número e proporción de titulados superiores.

Outro factor clave, aparece relacionado co nivel de habilidades. Segundo Eva Anduiza, Marta Cantijoch e Aina Gallego (Anduiza et al., 2009) e Rosa Borge, Ana Sofia Cardenal e Claudia Malpica (Borge et al., 2012), o nivel de instrución e manexo dixital trae consigo un maior nivel de compromiso político a través de mecanismos dixitais. Sen embargo, os traballos de Kay Schlozman, Sidney Verba e Henry Brady ligan estas habilidades ao nivel educativo e aos recursos e a posición socioeconómica do individuo (Schlozman, Verba, & Brady, 2010). Tamén á idade, elemento sobre o que existe un amplo consenso, aparece directamente relacionada coa fenda dixital (Tomczyk et al., 2019; Hoffmann & Lutz, 2019; Büchi et al., 2018).

Os factores clave asociados ao nivel educativo e á posesión de habilidades e recursos poden ser vinculados, de acordo con Vinish Kathuria e Keun Yeob (Kathuria & Yeob, 2018), á fenda na extensión da utilización das TIC que se dá entre países. A este respecto, o nivel de titulados universitarios aparece positivamente correlacionado independentemente do nivel de desenvolvemento social e económico (Pick & Nishida, 2015). As diverxencias sociais e

materiais motivan que a fenda entre países, medida en termos absolutos e relativos, sexa cada vez máis pronunciada, afectando de xeito máis intenso a determinadas zonas de África continental (Kathuria & Yeob, 2018).

Táboa 2 – Índice de desenvolvemento humano en 4 países da CPLP

	Índice Desenvolvemento Humano (IDH)	Esperanza de vida	Anos agardados de escolaridade	Anos promedio de escolaridade	Ingreso Nacional Bruto per capita	Clasifica- ción IDH
	Valor	Anos	Anos	Anos	PPA en \$ de 2011	
Mozambique	0,446	60,2	9,7	3,5	1.154	180
Brasil	0,761	75,7	15,4	7,8	14.068	78
Angola	0,574	60,8	11,8	5,1	5.555	147
Portugal	0,850	81,9	16,3	9,2	27.935	40

Nota. Informe sobre *Desarrollo Humano 2019*. Desenvolvemento moi alto >0,800; Desenvolvemento alto 0,700-0,799; Desenvolvemento medio 0,550-0,699; Desenvolvemento baixo <0,550.

En relación aos países examinados, e en base ao índice de desenvolvemento humano, volvemos a advertir importantes diferenzas entre países. Tal e como se pode ver na Táboa 2, mentres Portugal acada valores en relación ao nivel de renda per capita e taxas de relacionadas co ámbito educativo que o sitúan dentro do grupo de países cun índice de desenvolvemento humano moi alto. Angola e Mozambique presentan cifras relativas aos indicadores de desenvolvemento socioeconómico medias e baixas, respectivamente.

Deste xeito, e seguindo os determinantes sinalados para a utilización e a participación a través de canles e ferramentas online, agardamos, dende o lado da oferta, unha maior adopción de mecanismos participativos dixitais entre aqueles partidos políticos vinculados a estados cun maior nivel de dixitalización e de desenvolvemento económico, social. Baixo o noso punto de vista, a utilización de internet entre amplas capas de poboación pode incentivar o establecemento de ferramentas informativas, participativas e deliberativas orientadas a mellorar e intensificar a conexión entre os partidos e as súas bases. Así, en base aos elementos sinalados a hipótese de partida será a seguinte:

Hipótese 1 (H1): O nivel de desenvolvemento socioeconómico e o grao de dixitalización están asociados a unha maior oferta na disposición de instrumentos de participación dixital entre os partidos políticos

Para corroborar esta premisa analizaremos, de xeito comparado, o grao de dixitalización entre os principais partidos políticos de catro estados da CPLP: Angola, Mozambique, Portugal e Brasil. No seguinte epígrafe, concretaremos o método de recompilación e as técnicas de análise da información obtida.

Metodoloxía, datos e técnica de análise estatístico

Para a recollida de información relativa á dixitalización participativa dos partidos dos catro países da CPLP seleccionados, foi utilizado o método da observación sistemática (Croll, 1995). Así, mediante a elaboración previa dunha matriz de categorías, e durante os meses de xullo e setembro de 2020, foi clasificada e anotada a información recollida a través da observación das páxinas web dos partidos políticos con representación parlamentar en Angola, Mozambique, Brasil e Portugal.

Táboa 3 – Unidades de observación

	Partidos Políticos (webs)
Brasil	30
Portugal	10
Angola	5
Mozambique	3
Total	38

Nota. Elaboración propia

Coa fin de mitigar a posibilidade de erro na recollida de información durante o traballo de campo, a recompilación total dos datos foi realizada por dous investigadores. Os datos recollidos foron posteriormente verificados a través dunha comparación. A mostra obtida, como se pode observar na Táboa 3, foi conformada por un total de 38 partidos políticos, que oscilan entre os 30 de Brasil e os 3 de Mozambique.

Táboa 4 – Variables de estudo

	Brasil	Portugal	Mozambique	Angola
Microdoazóns	Si/Non	Si/Non	Si/Non	Si/Non
Microcréditos	Si/Non	Si/Non	Si/Non	Si/Non
Elección online	Si/Non	Si/Non	Si/Non	Si/Non
Caixa de correo	Si/Non	Si/Non	Si/Non	Si/Non
Programa participativo	Si/Non	Si/Non	Si/Non	Si/Non
Foro discusión	Si/Non	Si/Non	Si/Non	Si/Non

Nota. Información obtida a través das web dos partidos políticos analizados

As seis variables de estudo resultantes da observación e da codificación da información obtida a través das páxinas web do total dos partidos sinalados na Táboa 3, son de carácter categórica e cualitativa, tal e como se pode ver na Táboa 4. Estas dan conta da presenza ou ausencia de oferta de mecanismos de participación dixital entre os partidos políticos dos 4 estados da CPLP analizados.

Para a análise estatística dos datos obtidos realizamos, en primeiro lugar, unha síntese da mesma para a súa presentación sinxela e clara a través da elaboración de estatísticos descritivos (Rendón-Macias et al., 2016) baseados nas proporcións ou porcentaxes obtidos polas distintas variables de estudo. En relación ás probas de estatística inferencial, e tras descartar a de Chi cadrado de Pearson como consecuencia das características dos resultados agardados⁷, adoptouse o test de exacto de Fisher. O obxectivo da realización desta proba consistiu en comprobar a asociación ou independencia das variables de estudo coa fin de aceptar ou descartar a hipótese de estudo en función do resultado do p-valor ($p < 0,05$) (Pértega & Pita, 2004).

Os resultados da nosa investigación

No presente apartado presentaremos os resultados da investigación realizada a través das páxinas web dos partidos políticos dos catro estados da CPLP seleccionados. En concreto, tal e como sinalamos no anterior epígrafe, presentaremos os datos individuais e agregados relativos aos partidos políticos examinados por país. Posteriormente analizaremos os datos relacionados co contraste de hipóteses a través da análise estatística.

Táboa 5 – Dixitalización participativa entre os partidos políticos de Portugal

	Microdoazóns	Microcréditos	Elección online	Caixa de correo	Programa participativo	Foro discusión
PS	Non	Non	Non	Si	Si	Non
PSD	Si	Non	Non	Non	Non	Non
BE	Non	Non	Non	Si	Non	Non
PCP-CDU	Non	Non	Non	Si	Non	Non
CDS-PP	Non	Non	Non	Si	Non	Non
PAN	Si	Non	Non	Si	Non	Non
PEV	Non	Non	Non	Non	Non	Non
CH	Si	Non	Non	Non	Non	Non
IL	Si	Non	Non	Si	Si	Non
L	Si	Non	Non	Si	Si	Non

Nota. PS: Partido Socialista; PSD: Partido Social Demócrata; BE: Bloco de Esquerda; PCP-CDU: Partido Comunista Portugués; CDS-PP: Partido Popular; PAN: Pessoas-Animais-Natureza; PEV: Os Verdes; CH: Chega!; IL: Iniciativa Liberal; L: Livre.

7 Os valores agardados foron inferiores a 5 en máis dun 20% das celas da táboa de continxencia (Pértega & Pita, 2004).

A un nivel detallado por partidos políticos e países, en Portugal podemos notar un maior desenvolvemento dixital para os partidos Iniciativa Liberal (IL) e Livre (L), que presentan mecanismos de microfinanciamento, de contacto e de elaboración programática participativa dixital. A continuación atopamos ao Partido Socialista (PS) que fai uso das ferramentas sinaladas a excepción das microdoazóns. E o Partido Pessoas-Animais-Natureza (PAN) que presenta na súa web fórmulas de microfinanciamento e de contacto a través dunha caixa de suxestións. O resto de partidos con representación no Parlamento de Portugal presentan unicamente unha das características observadas, sendo a máis común a que ten que ver coa posibilidade de contacto a través da caixa de suxestións (ver Táboa 5).

Táboa 6 – Dixitalización participativa entre os partidos políticos de Brasil

	Microdoazóns	Microcréditos	Elección online	Caixa de correo	Programa participativo	Foro discusión
PT	Si	Non	Non	Si	Non	Non
PSL	Non	Non	Non	Si	Non	Non
PG	Non	Non	Non	Si	Non	Non
PSD	Non	Non	Non	Non	Non	Non
MDB	Non	Non	Non	Non	Non	Non
PL	Non	Non	Non	Non	Non	Non
PSB	Non	Non	Non	Si	Non	Non
R10	Si	Non	Non	Si	Non	Non
PSDB	Non	Non	Non	Non	Non	Non
DEM	Non	Non	Non	Si	Non	Non
PDT	Non	Non	Non	Si	Non	Non
SD	Non	Non	Non	Si	Non	Non
Ps	Non	Non	Non	Si	Non	Non
SL	Non	Non	Non	Si	Non	Non
PTB	Non	Non	Non	Non	Non	Non
PCB	Non	Non	Non	Non	Non	Non
PN	Si	Non	Non	Si	Non	Non
PROS	Non	Non	Non	Si	Non	Non

	Microdoazóns	Microcréditos	Elección online	Caixa de correo	Programa participativo	Foro discusión
PSC	Si	Non	Non	Si	Non	Non
C23	Si	Non	Non	Si	Si	Non
AV	Si	Non	Non	Si	Non	Non
PHS	Non	Non	Non	Non	Non	Non
PA	Non	Non	Non	Si	Non	Non
PV	Si	Non	Non	Si	Si	Non
PRP	Non	Non	Non	Si	Non	Non
PMN	Non	Non	Non	Si	Non	Non
PTC	Non	Non	Non	Non	Non	Non
REDE	Si	Si	Non	Si	Non	Non
PAL	Non	Non	Non	Non	Non	Non
DC	Non	Non	Non	Si	Non	Non

Nota. PT: Partidos dos Trabalhadores; PSL: Partidos Social Liberal; PG; Progressistas PSD: Partido Social Democrático; MDB: Movimento Democrático Brasileiro; PL: Partido Liberal; SL: Socialismo e Liberdade; PSB: Partido Socialista Brasileiro; R10: Republica 10; PSDB: Partido Social Democrático Brasileiro; DEM: Demócratas; PDT: Partido Democrático Trabalhista; SD: Solidariedade; Ps: Podemos; SL: Socialismo e Liberdade; PTB: Partido Trabalhista Brasileiro; PCB: Partido Comunista Brasileiro; PN: Partido Novo; PROS: Partido Republicano da Ordem Social; PSC: Partido Social Cristiano; C23: Cidadania 23; AV: Avante; PHS: Partido Humanista da Solidariedade; PA: Patriota; PV: Partido Verde; PRP: Partido Republicano Progressista; PMN: Partido da Mobilização Nacional; PTC: Partido Trabalhista Cristiao; REDE: Rede Sustentabilidade; PAL: Pátria Livre; DC: Democracia Crista.

En Brasil, de xeito análogo ao sinalado para os partidos políticos portugueses, dentro da baixa dixitalización detectada, o recurso máis utilizado consiste na implantación dunha caixa de correo para o traslado de peticións e demandas da cidadanía. A segunda das canles máis empregadas, isto é, a recollida de microdoazóns, aparece nas páxinas web do Partido dos Trabalhadores (PT), Republica 10 (R10), Partido Novo (PN), Avante (AV) e do Partido Social Cristiano (PSC) (ver Táboa 6).

Nun chanzo superior de dixitalización, tal e como se pode apreciar na Táboa 6, están o Partido Verde (PV) e Cidadanía 23 (C23), que engaden á recadación a través de microfinanciamento e a caixa de correo, mecanismos dixitais para a elaboración programática. Tamén o Partido REDE incide na utilización do espazo online para o financiamento a través de microdoazóns e microcréditos, ademais da disposición dunha caixa de correo para o contacto coa cidadanía.

Táboa 7 – Dixitalización participativa entre os partidos políticos de Mozambique

	Microdoazóns	Microcréditos	Elección online	Caixa de correo	Programa participativo	Foro discusión
FRELIMO	Non	Non	Non	Si	Non	Non
RENAMO	Non	Non	Non	Si	Non	Non
MDM	Non	Non	Non	Non	Non	Non

Nota. FRELIMO: Fronte de Liberação de Moçambique; RENAMO: Resistencia Nacional Mocambiçana; MDM: Movimento Democrático Moçambique.

Respecto á dixitalización participativa entre os partidos políticos de Mozambique, e en base aos resultados amosados na Táboa 7, podemos ver unicamente a disposición dunha caixa de correo para o contacto coa cidadanía nas webs da Fronte de Liberação de Mozambique (FRELIMO) e do partido Resistencia Nacional Mocambiçana (RENAMO). O resto de mecanismos participativos analizados non están presentes en ningunha das webs dos partidos observadas.

Táboa 8 – Dixitalización participativa entre os partidos políticos de Angola

	Microdoazóns	Microcréditos	Elección online	Caixa de correo	Programa participativo	Foro discusión
MPLA	Non	Non	Non	Si	Non	Non
UNITA	Si	Non	Non	Non	Non	Non
CASA-CE	Non	Non	Non	Non	Non	Non
PRS	Non	Non	Non	Non	Non	Non
FLNA	Non	Non	Non	Non	Non	Non

Nota. MPLA: Movimento Popular Liberação Angola; UNITA: Uniao Nacional para a Independencia Total de Angola; CASA-CE: Convergencia Ampla de Salvação de Angola-Coaligação Eleitoral; PRS: Partido Renovação Social; FLNA: Frente Nacional de Libertação de Angola.

En relación aos partidos políticos en Angola podemos falar igualmente dun baixo grao de dixitalización. Tal e como amosa a Táboa 8, unicamente as webs do Movimento Popular Liberação Angola (MPLA), cunha caixa de correo, e a da Uniao Nacional para Independencia Total de Angola (UNITA), cunha pestana para a recadación a través de microdoazóns, presentan algúns tipo de dispositivo dixital para a participación (Táboa 8).

Táboa 9 – Porcentaxe (%) das distintas variables de participación dixital en función do país

	Brasil	Portugal	Mozambique	Angola
Microdoazóns	26,67	50	0	20
Microcréditos	3,3	0	0	0
Elección online	0	0	0	0
Caixa de correo	70	70	66,67	20
Programa participativo	6,67	30	0	0
Foro discusión	0	0	0	0

Nota. Elaboración propia

A nivel agregado, tal e como se observa na Táboa 9 e como xa sinalamos, existen importantes diferenzas no artellamento de mecanismos dixitais en función da súa natureza. Así, podemos constatar unha importante presenza de instrumentos para o contacto entre as bases e a cidadanía en xeral e os partidos políticos. A este respecto Angola presentara o nivel máis baixo na disposición dunha caixa de correo (20%), seguido de Mozambique, que cun 66,67% acada un nivel próximo a Brasil e Portugal, ambos cun 70% de partidos políticos que fan uso desta ferramenta de comunicación e participación.

A continuación, tamén en termos de presenza relativa, atopamos a disposición de ferramentas dixitais para a recadación de aportacións financeiras en forma de doazón. Neste aspecto os partidos políticos portugueses acadan cifra máis elevada (50%) seguidos dos brasileiros (26,67%) e os angolanos (20%). Pola contra, non atopamos rastro da disposición de mecanismos para a recadación de microdoazóns entre as páxinas web dos partidos políticos en Mozambique. Así mesmo no eido da financiación participativa, en concreto no apartado de microcréditos, os datos recollidos na Táboa 5 amosan a inexistencia desta canle de participación dixital en Portugal, Mozambique e Angola, e un porcentaxe residual en Brasil (3,3%).

Respecto á existencia e á activación de dispositivos para a participación e a deliberación de propostas programáticas a través de canles online, atopamos un nivel máis discreto que o sinalado en relación ás anteriores variables examinadas. Segundo amosa a Táboa 5, unicamente as cifras para os partidos políticos en Portugal, cun 30%, presentarían certa importancia para esta variable. Noutro extremo, os partidos políticos de Angola e Mozambique, onde non se detectou a presenza de dispositivos de participación para a elaboración programática. Finalmente, é necesario subliñar un residual 6,67% para Brasil (ver Táboa 9).

Cómpre evidenciar a inexistencia nos catro países examinados de mecanismos de elección online para o desenvolvemento de primarias ou de escolla das candidaturas dos diferentes partidos. Tampouco achamos nas páxinas web revisadas ningunha pestana de acceso a espazos de debate e deliberación, tales como foros de discusión (ver Táboa 9).

Táboa 10 – Análise das porcentaxes (test de Fisher) das distintas variables de participación dixital en función do país

	Brasil	Portugal	Mozambique	Angola	p-valor
Microdoazóns	26,67	50	0	20	0,40
Microcréditos	3,3	0	0	0	1
Elección online	0	0	0	0	-
Caixa de correo	70	70	66,67	20	0,18
Programa participativo	6,67	30	0	0	0,16
Foro discusión	0	0	0	0	-

Nota. Significación estatística $p < 0,05$

Vista a escasa implantación de mecanismos de participación dixital en xeral, con valores diferenciais en termos porcentuais favorables a Portugal en determinadas variables como poden ser as relacionadas coa recadación de microdoazóns ou a posta en marcha de procedementos dixitais para a elaboración participada dos programas políticos e electorais, quedaría por determinar se as variables investigadas aparecen asociadas ou non aos distintos países obxecto de estudo.

Así, e segundo os datos que aparecen na Táboa 10 en relación ao valor de $p (> 0,05)$ para as distintas variables en función dos distintos países, non podemos verificar a asociación entre ningunha das variables estudadas. As implicacións da independencia das mesmas e as explicacións alternativas serán analizada no seguinte apartado.

Discusión e conclusións

Comprender as modificacións e as posibilidades que as novas formas de comunicación dixitais introducen en relación ao proceso e a praxe dos actores políticos ten sido no últimos anos obxecto dun intenso debate académico. O significativo volume de publicacións relativas a este ámbito de estudo aconteceu no medio dunha ampla difusión e crecente utilización das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC) que atravesan unha multiplicidade de eidos da vida social, política e económica. A ubicuidade e a eficiencia das novas canles de comunicación dixital son elementos sinalados por diversos autores en base ao seu potencial para a articulación de mecanismos de participación política, nun contexto de desafección e desconfianza política que afecta de xeito máis intenso ás estruturas partidarias.

Debemos sinalar as eivas que rodean a determinadas visións e análises relacionados coa potencialidade participativa e democratizadora das TICs, centradas nunha visión que simplifica a configuración destas ferramentas desde un punto de vista exclusivamente tecnolóxico, deixando á marxe variables clave de tipo socioeconómico. Dende un prisma hexemónico que pon no centro da análise o mundo occidental e desenvol-

vido, non se teñen atendido suficientemente as diferentes particularidades que configuran internet como un espazo global asimétrico como consecuencia do diferente desenvolvemento social e económico observable nas diferentes rexións do planeta.

Na presente investigación, considerando o diferente nivel dixitalización e de desenvolvemento social e educativo comparamos a disposición de mecanismos participativos online partidarios en función dos catro maiores países da CPLP en termos de poboación: Brasil, Angola, Mozambique e Portugal. A hipótese de partida asocia, dende o lado da oferta, o desenvolvemento socioeconómico e o grao de dixitalización a unha maior presenza de instrumentos de participativos nas páxinas web dos partidos políticos. Daquela, o tamaño das audiencias dixitais e o carácter socioeconómico e contextual actúan como incentivo ou viceversa, para a implantación de ferramentas dixitais de carácter participativo para a conexión e comunicación coa cidadanía.

Con todo, os resultados non nos permiten confirmar a idea sostida no anterior parágrafo. Os datos obtidos amosan un baixo grao de desenvolvemento de mecanismos de participación online independentemente do nivel de dixitalización e desenvolvemento social e económico do país en cuestión. Así, podemos afirmar que fóra de contadas excepcións, os partidos políticos en Angola, Brasil, Portugal e Mozambique utilizan a páxina web cunha finalidade eminentemente unidireccional e informativa, para a difusión de eventos ou a divulgación dos principios e propostas políticas.

Descartada a hipótese de partida, e máis alá do contexto estatal, algúns dos datos obtidos permítenos albiscar certas diferenzas que poderían explicar o diferente grao de dixitalización para a participación política entre os partidos políticos. Por un lado podemos observar como a utilización de canles dixitais para a participación podería estar relacionada co nivel de penetración institucional e o volume de recursos dispoñibles. Así, os pequenos partidos utilizarían internet para a mobilización de recursos en maior medida que os partidos con ampla representación institucional e unha longa implantación no sistema de partidos, dotados dun maior nivel de profesionalización e con fontes de financiamento estable. A este respecto, parecen paradigmáticos os exemplos dos partidos Iniciativa Liberal (IL), Livre (L), Pessoas-Animais-Natureza (PAN) e Chega! (CH) en Portugal, ou o Partido Novo (PN), Avante (AV), República 10 (R10), Partido Verde (PV), Cidadanía 23 e REDE, en Brasil.

Outra posible explicación tería que ver coa posición ideolóxica e a cultura política interna de cada un dos partidos. Así, aqueles cuns valores máis marcadamente posmaterialistas tenderían a artellar mecanismos de participación dixital cunha maior intensidade, tal e como podemos ver en relación ao Partido Verde (PV) e Cidadanía 23 (C23) en Brasil, e Livre (L) en Portugal. Estas organizacións ademais da disposición de canles de financiamento participativo, desenvolven mecanismos para a elaboración programática a través da súa páxina web. En calquera dos casos, estas explicacións, desenvolvidas a modo de tentativa, deben ser exploradas de xeito empírico en futuras investigacións.

Bibliografía

Anduiza, Eva, Cantijoch, Marta, & Gallego, Aina. (2009). "Political participation and the Internet: A field essay". *Information, Communication & Society*, 12, 860-878.

Arduany, Miguel, & Labuske, Eric. (2015). "El músculo deliberativo del algoritmo democrático: Podemos y la participación ciudadana". *Teknokultura*, 12, 93-109.

- Barrat, Jordi. (2019). "Partidos políticos y voto electrónico", en Jordi Barrat, & Miguel Pérez-Moneo (Eds.), *La Digitalización de los Partidos Políticos y el uso del voto electrónico*. Pamplona: Thomson Reuters-Aranzadi.
- Barnes, Samuel, & Kaase, Max. (1979). *Political Action: Mass Participation in Five Western Democracies*. Beverly Hills: Sage.
- Bauman, Zygmunt, & Bordoni, Carlo. (2016). *Estado de crisis*. Buenos Aires: Paidós.
- Blumler, Jay. (2016). "The fourth age of political communication". *Politiques de Communication*, 1, 19-30.
- Borge, Rosa, Cardenal, Ana Sofía, & Malpica, Claudia. (2012). "El impacto de Internet en la participación política: Revisando el papel del interés político". *Arbor*, 188, 733-750.
- Büchi, Moritz, Festic, Noemi, & Latzer, Michael. (2018). "How social well-being is affected by digital inequalities". *International Journal of Communication*, 12, 3686-3706.
- Candón-Mena, Jose. (2011). "Breve historia de los nuevos movimientos sociales: de mayo del 68 al 15M", in *Seminario Política poética. De Mayo del 68 al 15-M*. Sevilla: Facultad de Comunicación de la Universidad de Sevilla.
- Casal, Fernando, & Rama, José. (2017). "¿Democracia en Crisis? El futuro de los partidos políticos y de la democracia representativa". *Revista de las Cortes Generales*, 100-102, 249-273.
- Castañeda, Ernesto. (2012). "The indignados of Spain: A precedent to occupy Wall Street". *Social Movement Studies*, 11, 309-319.
- Castells, Manuel. (2009). *Comunicación y Poder*. Madrid: Alianza Editorial.
- Cotarelo, Ramón. (2010). *La política en la era de Internet*. Barcelona: Tirant lo Blanch.
- Crouch, Colin. (2004). *Posdemocracia*. Madrid: Taurus.
- Dalton, Russell, & Wattenberg, Martin. (2002). *Parties without partisans: Political change in advanced industrial democracies*. Londres: Oxford University Press on Demand.
- Della Porta, Donatella. (2018). *Democracias, participación, deliberación y movimientos sociales*. Buenos Aires: Prometeo Libros.
- Della Porta, Donatella, & Diani, Mario. (2011). *Los movimientos sociales*. Madrid: CIS y Editorial Complutense.
- Durán, Rafael. (1995). "La literatura sobre los nuevos movimientos sociales: Una revisión". *Revista de Estudios Políticos*, 89, 369-402.
- Echart, Enara. (2008). *Movimientos sociales y relaciones internacionales: la irrupción de un nuevo actor*. Madrid: Los libros de la Catarata.
- Ekman, Joakim, & Amnå, Erik. (2012). "Political participation and civic engagement: Towards a new typology". *Human Affairs*, 22, 283-300.
- Fenoll, Vicente, & Castillo, Sebastián. (2016). "Discurso y participación política en Plaza Podemos". *Revista de la Asociación Española de Investigación de la Comunicación*, 3, 24-33.
- Fernández-Albertos, José. (2018). *Antisistema: desigualdad económica y precariado político*. Madrid: Los libros de la Catarata.

- Flesher Fominaya, Cristina. (2015). "Debunking spontaneity: Spain's 15-M/Indignados as autonomous movement". *Social Movement Studies*, 14, 142-163.
- Galperin, Hernan. (2017). "Why are half of Latin Americans not online? A four-country study of reasons for Internet non-adoption". *International Journal of Communication*, 11, 3332-3354.
- González-Cacheda, Bruno. (2018). "Marcos y estructuras de movilización digitales para la financiación y la democratización de los actores políticos: del 15M a Podemos". *Espacios Públicos*, 53, 36-54.
- González-Cacheda, Bruno, & Vázquez-Refojos, Javier. (2020). "Del 15M a Podemos. Rupturas y continuidades en un proceso de incipiente cartelización". *Inguruak*, 68, 21-49.
- Hindman, Matthew. (2005). "The real lessons of Howard Dean: Reflections on the first digital campaign". *Perspectives on Politics*, 3, 121-128.
- Hoffmann, Christian Pieter, & Lutz, Christoph. (2019). "Digital Divides in Political Participation: The Mediating Role of Social Media Self-Efficacy and Privacy Concerns". *Policy & Internet*, (out.), 1-24.
- Jerez, Ariel, Maceiras, Sergio d'Antonio, & Maestu, Enrique. (2015). "Esferas públicas, crisis política e internet: el surgimiento electoral de Podemos". *História, Ciências, Saúde-Manguinhos*, 22, 1573-1596.
- Juris, Jeffrey. (2006). "Movimientos sociales en red: movimientos globales por una justicia global", en Manuel Castells (Ed.), *La sociedad red: una visión global*. Madrid: Alianza Editorial.
- Kathuria, Vinish, & Yeob, Keun. (2018). "ICT access: Testing for convergence across countries". *The Information Society*, 34, 166-182.
- Katz, Richard S., & Mair, Peter. (2004). "El partido cartel: La transformación de los modelos de partidos y de la democracia de partidos". *Zona abierta*, 108, 9-42.
- Kreiss, Daniel. (2012). *Taking our country back: The crafting of networked politics from Howard Dean to Barack Obama*. Londres: Oxford University Press.
- Lipsitz, Keena, & Panagopoulos, Costas. (2011). "Filled coffers: Campaign contributions and contributors in the 2008 elections". *Journal of Political Marketing*, 10, 43-57.
- Mair, Peter. (2015a). "La democracia más allá de los Partidos", en Fernando Casal, & Gerardo Scherlis (comp.), *Partidos y sistemas de Partidos y Democracia. La obra esencial de Peter Mair*. Buenos Aires: Editorial Eudeba.
- Mair, Peter. (2015b). "El desafío al gobierno de partido", en Fernando Casal, & Gerardo Scherlis (comp.), *Partidos y sistemas de Partidos y Democracia. La obra esencial de Peter Mair*. Buenos Aires: Editorial Eudeba.
- Mair, Peter. (2016). *Gobernando el vacío*. Madrid: Alianza Editorial.
- Martínez-Dalmau, Rubén. (2019). "Participación electrónica, primarias, selección de dirigentes y consultas en Podemos", en Jordi Barrat, & Miguel Pérez-Moneo (Eds.), *La Digitalización de los Partidos Políticos y el uso del voto electrónico*. Pamplona: Thomson Reuters-Aranzadi.
- Marzolf, Hedwig, & Ganuza, Ernesto. (2016). "¿Enemigos o colegas? El 15M y la hipótesis Podemos". *EMPIRIA. Revista de Metodología de las Ciencias Sociales*, 33, 89-110.
- Melucci, Alberto. (1994). "Asumir un compromiso: identidad y movilización en los movimientos sociales". *Zona Abierta*, 69, 153-180.

- Michels, Robert. (2008). *Los partidos políticos: un estudio sociológico de las tendencias oligárquicas de la democracia moderna*. Madrid: Amorrortu Editores.
- Müller-Rommel, Ferdinand. (2016). "Introduction: Political Parties in Changing Democracies", en Ferdinand Muller-Rommel, & Fernando Casal (Eds.), *Party Politics and Democracy in Europe: Essays in Honour of Peter Mair*. Abington: Routledge.
- Myovella, Godwin, Karacuka, Mehmet, & Haucap, Justus. (2020). "Digitalization and economic growth: A comparative analysis of Sub-Saharan Africa and OECD economies". *Telecommunications Policy*, 44, 1018-1056.
- Norris, Pippa. (2002). *Democratic phoenix: Reinventing political activism*. Londres: Cambridge University Press.
- Norris, Pippa. (2007). "Political activism: New challenges, new opportunities", en Carles C. Boix, & Susan Sothke (Eds.), *The Oxford Hand book of Comparative Politics*. Londres: Oxford University Press.
- Norris, Pippa, Walgrave, Stefaan, & Van Aelst, Peter. (2006). "Does protest signify dissatisfaction? Demonstrators in a postindustrial democracy", en Mariano Torcal, & Jose Ramón Montero (Eds.), *Political Dissatisfaction in Contemporary Democracies*. Londres: Routledge.
- Offe, Claus. (1992). "Los nuevos movimientos sociales cuestionan los límites de la política institucional", en Claus Offe (Ed.), *Partidos políticos y nuevos movimientos sociales*. Madrid: Sistema.
- Pastor, Jaime. (2006). "Los movimientos sociales: de la crítica de la modernidad a la denuncia de la globalización". *Psychosocial Intervention*, 15, 133-147.
- Pértega, Salvador, & Pita, Sonia. (2004). "Asociación de variables cualitativas: test de Chi-cuadrado". *Metodología de la Investigación*, 5, 1-5.
- Pick, James B., & Nishida, Tetsushi. (2015). "Digital divides in the world and its regions: A spatial and multivariate analysis of technological utilization". *Technological Forecasting and Social Change*, 91, 1-17.
- Pizzorno, Alessando. (2015). "Notas sobre los regímenes representativos: sus crisis y su corrupción". *Sociológica México*, 27, 95-109.
- Rendón-Macías, Mario Enrique, Villasis-Keeve, Miguel Ángel, & Miranda-Navales, María Guadalupe. (2016). "Estadística descriptiva". *Revista Alergia México*, 63, 397-407.
- Rodríguez-Aguilera, Cesáreo. (2015). "Semejanzas y diferencias entre el Movimiento 5 stelle y Podemos". *Società Mutamento Política*, 6, 51-74.
- Romanos, Eduardo. (2018). "Del 68 al 15M: continuidades y rupturas entre ciclos de protesta". *Arbor*, 194, a430.
- Rone, Julia. (2019). "Fake profiles, trolls, and digital paranoia: digital media practices in breaking the Indignados movement". *Social Movement Studies*, 1-17.
- Sádaba, Igor. (2012). "Acción colectiva y movimientos sociales en las redes digitales. Aspectos históricos y metodológicos". *Arbor*, 188, 781-794.
- Sanahuja, Jose Antonio. (2019). "El ascenso global de la ultraderecha y el nacionalismo: Crisis de la globalización, el regionalismo y el orden liberal", en Josette Altmann (Ed.), *América Latina frente a la reconfiguración global* (pp. 31-65). FLACSO Secretaría General.
- Sánchez, José Manuel. (2015). "Participación digital en los partidos políticos. Autonomía y prácticas de militancia en red". *Revista Dígitos*, 1, 59-70.

- Sánchez-Cuenca, Ignacio. (2014). *La impotencia democrática: Sobre la crisis política de España*. Madrid: Los Libros de la Catarata.
- Schlozman, Kay, Verba, Sidney, & Brady, Henry. (2010). "Weapon of the strong? Participatory inequality and the Internet". *Perspectives on Politics*, 8, 487-509.
- Streeck, Wolfgang. (2016). *Comprando tiempo: la crisis pospuesta del capitalismo democrático*. Buenos Aires: Katz Editores.
- Subirats, Joan. (2015). "Todo se mueve. Acción colectiva, acción conectiva". *RES. Revista Española de Sociología*, 24, 123-131.
- Tarrow, Sidney. (2004). *El poder en movimiento. Movimientos sociales, acción colectiva y política*. Madrid: Alianza Editorial.
- Tejerina, Benjamín et al. (2013). "From indignation to occupation: A new wave of global mobilization". *Current Sociology*, 61, 377-392.
- Tomczyk, Łukasz et al. (2019). "Digital Divide in Latin America and Europe: Main characteristics in selected countries", en *2019 14th Iberian Conference on Information Systems and Technologies (CISTI)*. IEEE, 1-6.
- Tonkens, Evelien, & Verhoeven, Imrat. (2019). "The civic support paradox: Fighting unequal participation in deprived neighbourhoods". *Urban Studies*, 56, 1595-1610.
- Torcal, Mariano. (2000). "Partidos y desafección política". *Magazine, DHIAL*, 14.
- Torcal, Mariano, Montero, Jose Ramón, & Teorell, Jan. (2006). "La participación política en España: modos y niveles en perspectiva comparada". *Revista de Estudios Políticos*, 132, 7-41.
- Treré, Emiliano, & Barranquero, Alejandro. (2013). "De mitos y sublimes digitales: movimientos sociales y tecnologías de la comunicación desde una perspectiva histórica". *Redes.com*, 8, 27-47.
- Van Biezen, Ingrid, Mair, Peter, & Poguntke, Thomas. (2015). "Se van, se van...¿se fueron? El declive de la afiliación partidaria en la Europa Contemporánea", en Fernando Casal, & Gerardo Scherlis (comp.), *Partidos y sistemas de Partidos y Democracia. La obra esencial de Peter Mair*. Buenos Aires: Editorial Eudeba.
- Van Deursen, Alexander, Helsper, Ellen, Eynon, Rebeca, & Van Dijk, Jan. (2017). "The compoundness and sequentiality of digital inequality". *International Journal of Communication*, 11, 452-473.

Recebido para publicação: 3 de janeiro de 2021

Aceite após revisão: 29 de abril de 2021

Received for publication: 3 January 2021

Accepted in revised form: 29 April 2021